

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE NÚM.: 2022/X999/000139

EXPEDIENTE DE DECRETO: 2022/G003/000475

PROCEDEMENTO: ACORDO DE FIXACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA DE JUDO

Vista a memoria de data 21 de setembro de 2022, na que se expón que o Concello ten previsto realizar unha actividade deportiva durante o curso escolar 2022/2023, consistente na realización de actividades extraescolares de judo, e prevéndose unha participación aproximadamente de 12 persoas.

Tendo en conta que o custo total da actividade ascende á cantidade de 3.360,00€.

Visto o establecido no artigo 4 da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades deportivas, culturais, recreativas e de ocio publicada no BO P nº 19 de 29 de xaneiro de 2021:

*“Artigo 4.- Contías*

*1.-O establecemento e contía do prezo público regulado nesa ordenanza será o que fixe en cada caso a alcaldía en atención ó custo dos mesmos.*

*2.-Para a fixación do importe do prezo público será necesaria a proposta do servizo ou departamento responsable da prestación do servizo ou realización de actividades, na que se xustifique documentalmente:*

*O custo total da actividade ou servizo.*

*O número estimado de asistentes ou participantes.*

*O importe dos prezos públicos pola realización de actividades deberá cubrir como mínimo o coste da actividade realizada. En todo caso, se o prezo a abonar polos interesados é inferior ó custo do servizo ou actividade nos termos regulados no artigo desta ordenanza, a proposta do servizo ou departamento responsable deberá incluír a previsión do seu financiamento.*

*Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público, que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo dos límites previstos no apartado anterior. Neste caso consignarase nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.*

*3. Acordadas as contías do prezo público de cada actividade, o acordo será exposto no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello a efectos da súa publicidade.”*

Pola presente,

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Acordar o carácter social da actividade e fixar o prezo público a abonar polos participantes na citada actividade. O prezo a abonar será de 18 € mensuais.

**SEGUNDO.-** Espoñer este acordo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a efectos da súa publicidade.

**TERCEIRO:** Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

Mandao e asíno, o sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, do que eu, como secretaria-interventora, dou fe.

O alcalde  
Luis Lisardo Santos Ares

A secretaria-interventora  
Alejandra. D Fandiño Sánchez